



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INNOVACIÓN DE LUGO. VICEPRESIDENCIA SEGUNDA

Anuncio

Resolución do 31 de xaneiro de 2022 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública dunha instalación eléctrica no concello de Cervo (exp. 2021/23 ATE)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro) e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE núm. 310, do 27 de decembro) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, da seguinte instalación eléctrica.

Denominación: Cambio de ubicación do C.T. 11920 Sargadelos e soterramento da L.A.T. 20kV Espiñeirido_1 (VANO 3009993199) V.2

Solicitante: BEGASA

Domicilio social: Aller Ulloa, Ramón María, Num 9, 27003 Lugo

Características técnicas principais:

- Centro de transformación prefabricado Sargadelos, cunha potencia máxima de 630 kVA e unha potencia instalada de 50 kVA, no que se instalan dúas celas de liña e unha de protección, e relación de transformación de 20.000/400 V.
- Soterramento dun tramo da LAT aérea Espiñeirido 1 a 20 kV, de entrada e saída ao CT Sargadelos proxectado, cunha lonxitude de 155 m en condutor RHZ1 240 mm, con orixe e fin nos apoios 1 e 2 proxectados nos que se instalarán conversións de aéreo a soterrado. Retensado do condutor existente entre o apoio 1 proxectado e o apoio 234824 existente (59 m), e entre o apoio 2 proxectado e o apoio 234821 existente da LAT Espiñeirido 1 (62 m).
- Desmantelamento do CT 11920 Sargadelos existente e do treito da LAT aérea Espiñeirido 1 que se soterra, entre o apoio 1 e o 2 proxectados.

A declaración de utilidade pública, segundo o sinalado no artigo 56 da citada lei 24/2013, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (BOE núm. 351, de 17 de decembro)

A relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados que se consideran de necesaria ocupación, figuran no anexo que se insire xunto con esta resolución.

Aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial (edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70) referidas ás posibles limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real decreto 1955/2000) e aquelas outras que estimen oportunas no prazo de **vinte días** hábiles a contar dende o día seguinte ao da última publicación ou ao da notificación individual.

Durante este prazo poderase examinar o proxecto das instalacións nesta xefatura territorial de luns a venres entre as nove da mañá e as dúas da tarde.

Ata o mesmo momento do levantamento das actas previas, os interesados poderán facer alegacións por escrito aos únicos efectos de corrixir posibles erros que se atopen ao relacionar os bens e dereitos afectados segundo dispón o artigo 56.2 do Regulamento da lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160 do 27 de xuño)

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, do 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 31 de xaneiro de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0251

CONCELLOS

FRIOL

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA A PROVISION DE 7 POSTOS DE PEÓNS DE SERVIZO DE USOS MÚLTIPLES O ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2021

BASES DA CONVOCATORIA

1.- OBXETO.

O obxecto da presente convocatoria e a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato de traballo de duración determinada de 7 postos de peón de servizos de usos múltiples para o Concello de Friol, ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación Provincial de Lugo.

2.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO OFERTADO

Denominación do posto:	Peón de obras públicas de usos múltiples
Réxime	Contrato temporal de duración determinada
Unidade/Área	Obras
Categoría profesional	10
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	7 postos
Duración	5 meses

3.- MODALIDADE E CONDICIÓNS DO CONTRATO

Modalidade segundo regulación do RDL. 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)-	Cláusulas específicas de circunstancias da produción ou interese social
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada Parcial
Xornada de traballo	6h/día
Retribución bruta	SG Convenio Edificación e Obras Públicas

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia).

- Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

4.2. De carácter específico.

- Título de Certificado de Escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

- Permiso de Conducir tipo B.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

- Acreditación emitida polo Servizo Público de Emprego de figurar inscrito como demandante de Emprego ou en situación de mellora de Emprego, para dar cumprimento o establecido no punto 7 b) do Plan Unico, e favorecer na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van a contratar.

4.3. Condicións esixidas ós candidatos.

Todos os requisitos esixidos ós aspirantes deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na páxina web do concello e o taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

6.- Procedemento selectivo.

6.1. Documentación

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como Anexos I e II, a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Friol, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección info@concellodefriol.es un resguardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso convocatoria 7 peóns servizo uso múltiples.

6.2 Prazo de presentación das instancias.

O prazo de presentación das instancias será de **CATRO DIAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

6.4 Organo de Selección

A comisión Técnica de selección ou tribunal estará integrado por:

- Un Presidente/a
- Un Secretario/a
- Tres Vogais

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.5 Colaboradores

A **Comisión Técnica de Selección**, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración

6.6 Designación e nomeamento do Tribunal

A designación dos membros do Tribunal, que a continuación se relaciona e a seguinte:

Presidente.- Maria Paz Rodríguez Rivera- Persoal Laboral Fixo do Concello de Friol.

Suplente do Presidente.- Fernando Teijeiro Pouderaux - Funcionario de carreira do Concello de Friol.

Secretario.- José Carlos Ansele López. Funcionario de carreira do Concello de Friol.

Suplente do Secretario.- Julio González Casanova- Secretario Interventor do Concello de Friol.

Vocal 1º.- Marta Castro Girona. Funcionaria de Carreira da Administración Autonómica de Galicia.

Suplente do Vocal 1º.- Carlos Sánchez Pazos. Persoal Laboral Fixo do Concello de Friol.

Vocal 2º.- Javier Ferro Modia, Persoal Laboral Fixo do Concello de Friol.

Suplente do Vocal 2º.- María Pérez Folgueira. Funcionaria da Administración Autonómica de Galicia.

Vocal 3º.- Gema Lombó Lombrana- Funcionaria de Carreira da Administración Autonómica de Galicia.

Suplente do Vocal 3º.- José Manuel Loureiro Corrales. Persoal Laboral Fixo do Concello de Friol

Personal Colaborador.- Manuel Eduardo López Vázquez, Arquitecto municipal do Concello de Friol.

Suplente.- Belinda Yepes Jimenez – Ingeniera Civil Colegiada.

6.7 Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así

como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cuio tenor literal e o seguinte “*nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega*”.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba escrita proposta polo tribunal, nun tempo máximo de trinta minutos.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Friol. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización esta proba aqueles aspirante que posúan o Celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

7. Fase de Concurso.

Este apartado non pode superar os 6 puntos

1. Méritos Profesionais.

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar: 0,10 puntos ata un máximo de 6 puntos.

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

1. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, xornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e dicir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

En caso de empate na fase de concurso a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no exercicio da fase de oposición
2. Puntuación obtida na fase de concurso.

Presentarase a relación de méritos así como a documentación xustificativa, no modelo Anexo II.

8. Fase de oposición

Puntuación máxima 12 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albanería, fontanería, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada coas funcións do posto, durante o tempo que se determine polo tribunal e que non excederá de sesenta minutos.

Nesta proba valorarase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante.

9. Acreditación

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

10. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección/Tribunal confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidatos/as para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

11. Constitución de bolsa de emprego.

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de concurso e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

12. Incidencias.

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

13.- Recursos

Contra este acto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes. - Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o Sr. Alcalde no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

ANEXO I: MODELO SOLICITUDE

1. DATOS PERSOAIS		
D./D ^a		N.I.F.
ENDEREZO:		C.P.
LOCALIDADE:		PROVINCIA
NACIONALIDADE:	DATA DE NACEMENTO:	TLF:
EMAIL:		
2. PRAZA CONVOCADA		
DENOMINACION:		
FORMA DE ACCESO:	Libre	
EXENTO/A DO EXAME DE GALEGO:	__ SI __ NON	
3. TITULACION		
ESIXIDA NA CONVOCATORIA:		
OUTRAS TITULACIONES:		

EXPOÑO:

Que, informado da convocatoria do proceso selectivo ao que se refire a presente instancia, considero reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a seguinte documentación (sinalar cun unha X)

- COPIA SIMPLE DO DNI PASAPORTE OU TARXETA DE RESIDENCIA
- PERMISO DE CONDUCCION EN VIGOR TIPO B
- ACREDITACION DA POSESION DO NIVEL DE IDIOMA GALEGO ESIXIDO NAS BASES -CELGA 2
- TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO OU MELLORA DE EMPREGO
- INFORME DE VIDA LABORAL ACTUALIZADO A DATA DA SOLICITUDE
- RELACION ANEXO II DOS MERITOS ALEGADOS PARA A SUA VALORACION E OS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOS MESMOS.

ANEXO II.- RELACION DOS MERITOS APORTADOS E ACREDITADOS

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
SERVIZOS PRESTADOS EN POSTO IGUAL OU SIMILAR O OFERTADO NA CONVOCATORIA				
CATEGORIA	ADMINISTRACION PUBLICA/ENTIDAD PUBLICA OU PRIVADA	DURACION DO CONTRATO OU NOMEAMENTO	DATA DE INICIO	DATA DE REMATE

FORMACION		
DENOMINACION	CENTRO IMPARTICION	DURACION

En _____ a _____ de _____ de 2022.

O/A solicitante _____

Asinado:

Friol, 7 de febreiro de 2022.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0254

LÁNCARA

Anuncio

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2021, aprobouse a Oferta de Emprego Público correspondente ás prazas que se indican para o ano 2021:

PERSOAL LABORAL:

GRUPO	SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN	SISTEMA DE ACCESO
C	C2	Laboral fixo	1	Oficial de servizos múltiples	Libre
Agrupacións Profesionais	E	Laboral fixo	1	Operario/a servizos múltiples	Libre

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Láncara, 17 de xaneiro de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 0247

LUGO

Anuncio

Por acordo da xunta de goberno local nº 25/56 do 2 de febreiro de 2022 adoptouse o seguinte acordo:

25/56 CONVOCATORIA DE AUTORIZACIÓN DE USO EN PRECARIO DOS LOCAIS E INSTALACIÓNS DA CASA CLARA CAMPOAMOR DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL E DA CASA MARÍA MARIÑO DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS PROGRAMAS E ACTIVIDADES (ANO 2022).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizos Sociais, do 26 de xaneiro de 2022, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Antecedentes de feito:

A sociedade actual demanda cada vez máis recursos e atencións sociais tendo en conta a situación de crise sanitaria e económica existente hoxe en día. As familias e, especialmente, os colectivos en situación ou risco de exclusión social posúen cada vez menos recursos económicos para financiar os servizos ou prestacións necesarias facer fronte ás súas problemáticas específicas.

O Concello de Lugo, a través dos servizos sociais, presta apoio e colaboración a asociacións privadas sen ánimo de lucro, fundacións públicas e entidades de iniciativa social que desenvolven programas e actividades de interese social dentro do noso termo municipal. Esta colaboración concrétese principalmente mediante liñas de axudas económicas a través da adxudicación de subvencións nominativas ou a través de procedementos de concorrencia competitiva para o financiamento dos seus programas e actividades.

Con independencia deste apoio económico, distintas entidades que desenvolven programas de interese social dentro do termo municipal de Lugo manifestaron a imposibilidade de adquirir locais en propiedade ou de pagar unha renda de alugamento polos mesmos.

O Concello de Lugo en resposta a esa necesidade e, na liña de colaboración mantida ao longo destes anos, promoveu dende os servizos sociais a construción da “**Casa Clara Campoamor de asociacións de interese social**” que conta con sete locais, un ximnasio e unha sala destinada a biblioteca de uso común.

No ano 2012 e á vista do incremento da demanda de entidades que precisaban dun local no que desenvolver as súas funcións, o Concello de Lugo, adaptou o edificio sito na r/ Monte Faro, 2 de Lugo e puxo en funcionamento a “**Casa María Mariño de asociacións de interese social**” que conta con **13 locais** susceptibles de uso individual, un salón de actos, unha sala de usos múltiples e unha sala de recepción.

Os locais da Casa Clara Campoamor e da Casa María Mariño foron cedidos a través de distintas convocatorias públicas a entidades de iniciativa social co obxecto de desenvolver o seus programas e actividades e, do mesmo xeito, de facilitarlle un lugar no que poidan establecer a súa sede social.

Fundamentación xurídica:

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no seu artigo 3 apartado g) establece como un dos obxectivos dos servizos sociais o de *"promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social"*.

No seu artigo 60.1.c) recolle como competencia dos concellos *"a colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas, evitando no posible a duplicidade e infrautilización dos equipamentos sociais."*

Na súa disposición adicional 7ª, a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia dispón que as referencias previstas na normativa vixente aos servizos sociais de atención primaria entenderanse efectuadas, de conformidade coas previsións contidas na propia lei, aos servizos sociais comunitarios. Polo que segundo o artigo 2 do Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, recolle como un dos seus obxectivos a *"promoción da vida asociativa, do desenvolvemento comunitario e do voluntariado social en tanto que favorecen a conciencia dos cidadáns sobre os seus problemas e a busca de solucións dende a propia sociedade"*.

A cesión regulamentada a través das presentes bases enmárcase no **programa de animación, prevención e cooperación social**, recollido no artigo 18 do devandito decreto, e que ten, entre os seus obxectivos, *"o fomento do asociacionismo e a participación, prestando o oportuno apoio e asesoramento técnico, o fomento da solidariedade social en beneficio da comunidade e a potenciación das organizacións de voluntariado social"*.

Isto é así, toda vez que as asociacións son esenciais para a participación da cidadanía na vida social e este é un dos aspectos máis importantes para facer efectiva a democracia e o Estado de Dereito. Esa participación require da existencia de espazos físicos e xurídicos axeitados que fagan posible a súa efectividade e permitan dar resposta ás demandas da sociedade no eido dos problemas e necesidades sociais complementando deste xeito as actividades e funcións que se deben realizar dende os servizos sociais municipais.

Neste sentido o artigo 72 da LRBRL 7/1985 establecen que *"As corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitanlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades...."*

Profundando na mesma liña o ROF regula nos artigos 232 e seguintes unha serie de dereitos das asociacións, entre eles o acceso ao uso de medios públicos municipais, especialmente locais, se ben só para aquelas que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

A maior abastanza o Regulamento municipal de participación cidadá establece no artigo 14 que *"as entidades que figuren no Rexistro Municipal de Asociacións poderán gozar do dereito a acceder ó uso de medios públicos municipais, especialmente ós locais e medios de comunicación coas limitacións que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello. A Comisión de Goberno aprobará as normas para o exercicio deste dereito"*.

O Concello de Lugo é propietario dos seguintes equipamentos públicos susceptibles de ser cedidos a asociacións para o desenvolvemento das súas actividades e programas:

-CASA CLARA CAMPOAMOR DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL. Avda. Infanta Elena, 11.

-CASA MARÍA MARIÑO DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL. R/ Monte Faro, 2.

Considerando que poden existir múltiples asociacións privadas sen ánimo de lucro, fundacións ou entidades de interese social interesadas na utilización dos devanditos locais, resulta imprescindible aprobar unhas bases xerais reguladoras da convocatoria pública á que poidan acollerse en condicións de igualdade as distintas entidades que desenvolvan a súa actividade no eido dos servizos sociais e no termo municipal do Concello de Lugo.

Esta utilización dos locais configúrase como un uso especial do dominio público e conforme o artigo 77 do RBEL a autorización para a súa utilización, toda vez que está limitada o número destas, debe suxeitarse a un procedemento de licitación pública.

Respecto ao órgano competente e segundo o Acordo da Xunta de Goberno Local nº 28/452, do dezasete de xullo de dous mil dezanove, de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nos Tenentes de Alcaldesa delegados de Área e nos concelleiros/as delegados, no seu punto primeiro establece que a Xunta de Goberno Local se reserva o exercicio das atribucións delegables seguintes: e) a concesión e denegación de licenzas ou permisos para usos privativos de bens de dominio público e de instalacións municipais, agás cemiterio."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza:

Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á apertura de convocatoria pública para participar no procedemento de autorización de uso dos locais e instalacións da “Casa Clara Campoamor para asociacións de interese social” e da “Casa María Mariño de asociacións de interese social” de conformidade coas bases xerais establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- A aprobación das seguintes bases xerais polas que se rexerá a convocatoria:

BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A AUTORIZACIÓN DO USO EN PRECARIO DOS LOCAIS MUNICIPAIS E INSTALACIÓNS DA “CASA CLARA CAMPOAMOR DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL” E DA “CASA MARÍA MARIÑO DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL”, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES.-

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO:

Esta convocatoria ten por obxecto facilitar ás asociacións privadas sen ánimo de lucro, fundacións públicas ou outras entidades de iniciativa social, que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos sociais dentro do termo municipal do concello de Lugo, un espazo axeitado onde desenvolver os seus programas e actividades dando cumprimento aos seus fins estatutarios.

Para tal efecto, a Concellería de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores do Concello de Lugo dispón de dous equipamentos públicos que contan con locais e outras instalacións susceptibles de cesión de uso coa seguinte identificación e características:

A) CASA CLARA CAMPOAMOR DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL. Avda. Infanta Elena, 11. Distribución: 7 locais, 1 ximnasio e unha sala destinada a biblioteca.

B) CASA MARÍA MARIÑO DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL. R/ Monte Faro, 2. Distribución: 13 locais, 1 salón de actos, 1 sala de usos polivalente e 1 local destinado a recepción.

Con esta convocatoria preténdese pór a disposición das entidades que resulten adxudicatarias, os locais sociais e demais instalacións mediante autorización de uso temporal en precario. Todo isto, co obxectivo de que as entidades poidan desenvolver o programa presentado na convocatoria que deberá necesariamente ter como persoas beneficiarias a persoas residentes dentro do termo municipal de Lugo en situación ou en risco de exclusión social.

BASE SEGUNDA.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA.

Poderán ter dereito a autorización de uso temporal dos locais ou das súas instalacións as asociacións privadas sen ánimo de lucro, fundacións públicas e entidades de iniciativa social que cumpran **todos** os seguintes requisitos no día de remate do prazo de presentación das solicitudes, o seu incumprimento comportará necesariamente a inadmisión da solicitude presentada. Se a entidade está desfrutando dun local da anterior convocatoria deberá entregalo dentro do prazo de 10 días hábiles dende a notificación desta resolución.

A) REQUISITOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

1º) Estar legalmente constituída segundo a forma xurídica que lle corresponda e domiciliada no concello de Lugo. Con carácter excepcional, tamén poderán incluírse aquelas entidades foráneas que pretendan executar, dentro deste termo municipal, un proxecto para o desenvolvemento de accións ou actividades que beneficien a colectivos en situación de desvantaxe. Este punto deberá xustificarse no ANEXO III nos datos relativos á entidade solicitante.

2º) Figurar inscritas no rexistro público que corresponda cunha antigüidade de 4 anos. No suposto das asociacións privadas sen ánimo de lucro esixírase que a inscrición sexa no Rexistro Municipal de Asociacións e que presentara dentro de prazo na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e datos do número de socios, segundo obriga o art. 22 do Regulamento de participación cidadá (BOP nº 93, do 24 de abril do 2000).

3º) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas. Esta circunstancia deberá constar de **xeito expreso** nos estatutos da entidade solicitante. Non obstará para a consideración de carencia de ánimo de lucro o feito que as ditas entidades perciban contraprestación dos usuarios, sempre e cando da análise global do seu balance económico final non se deduza a obtención de beneficio segundo o disposto no artigo 30) da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.

4º) Que o obxecto social recollido nos estatutos da entidade solicitante sexa coincidente cos obxectivos perseguidos dende os servizos sociais municipais de xeito que complementen ou contribúan á consecución das funcións que lle son propias. Isto é, á prestación de servizos e atencións que posibiliten a mellora da calidade de vida e participación de persoas ou grupos que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva

así como a prevención e eliminación das causas que a orixinan. Quedarán, polo tanto, excluídas as entidades de carácter veciñal, cultural, educativas, deportivas, de ocio e tempo libre, xuvenil ou entidades con fins profesionais e/ou de actividades económicas, ou doutro tipo que non sexa social.

5º) Acreditar experiencia mínima de 3 anos desenvolvendo programas ou actividades de carácter social dirixidos a colectivos en situación de desvantaxe dentro do termo municipal do concello de Lugo e que redunden en beneficio da súa poboación.

6º) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e/ou sociais coa Axencia Estatal da Administración tributaria, a Consellería de Facenda, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Lugo.

7º) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas polo Concello de Lugo.

8º) Non dispoñer de local en propiedade.

9º) Necesidade de contar cun espazo de **forma continuada** de xeito que, de non contar con este poríase en risco o desenvolvemento dos programas da entidade, esta circunstancia deberá quedar xustificada a través do correspondente apartado do ANEXO III.

B) REQUISITOS DO PROGRAMA OU ACTUACIÓNS PARA DESENVOLVER NO LOCAL MUNICIPAL

1º) O programa deberá conter actividades de carácter continuo ao longo do ano. Non se adxudicarán locais a aquelas entidades que só teñan actividades puntuais, se ben, dentro dos recursos públicos municipais poderáselle ofrecer algún recurso alternativo dispoñible.

2º) O programa de actividades presentado deberá contar con viabilidade organizativa, técnica e financeira. Permítese que varias asociacións privadas, fundacións públicas ou entidades de iniciativa social presenten un programa de actividades conxunto.

3º) O programa deberá conter obxectivos coincidentes cos de servizos sociais recollidos no art 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais, e/ou ter como persoas beneficiarias a **persoas en situación ou en risco de exclusión social**.

Para esta valoración terase en conta a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concurrencia de algún dos dos factores de exclusión seguintes, cando esta condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral:

- estar en situación de cargas familiares non compatidas.
- estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adición que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- ser persoa vítima de violencia doméstica
- ter una discapacidade valorada superior ó 33% ou estar afectado por unha enfermidade crónica e/ ou grave.
- ser inmigrante ou emigrante retornado
- proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- proceder do cumprimento dunha pena en institucións penitenciarias
- ser unha persoa sen fogar ou habitar unha infravivenda.
- pertencer a unha minoría étnica
- estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.
- calquera outro factor ou circunstancia non prevista nos apartados anteriores e que sexa así considerada pola comisión de avaliación de solicitudes.

O cumprimento de todos estes requisitos deberá ser acreditado coa presentación da solicitude e, deberán manterse en todo caso, ao longo de todo o período de duración da cesión de uso dos locais municipais. Calquera modificación ou alteración dos mesmos deberá ser comunicada de xeito expreso ao Concello de Lugo.

BASE TERCEIRA.- SOLICITUDES.

As solicitudes deberán presentarse no anexo normalizado establecido ao efecto (ANEXO I) e só se admitirá unha solicitude por entidade. Cada entidade deberá optar entre os locais da “Casa Clara Campoamor” ou “Casa María Mariño” xa que ambas as dúas opcións son incompatibles. No suposto de que a entidade solicitante non resulte adxudicataria no uso local solicitado nunha das casas de asociacións automaticamente poderá resultar adxudicataria no outro equipamento de existir vacantes trala correspondente adxudicación.

As entidades que soliciten unicamente o uso do ximnasio (Casa Clara Campoamor) ou do salón de actos (Casa María Mariño), durante un periodo que exceda dun mes, deberán presentar a solicitude en ANEXO I e cumprir cos requisitos destas bases xerais. As demais instalacións serán unicamente de uso exclusivo das entidades que teñan adxudicado un local.

BASE CUARTA.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR XUNTO COA SOLICITUDE.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación **actualizada**, agás que esta xa estivera en poder do Concello, facendo constar neste caso a data e dependencia ou órgano ante o que se presentou, e non poderá ter transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ó que correspondan:

- a) Solicitude segundo o ANEXO I asinada pola persoa que teña a representación da entidade.
- b) Fotocopia do DNI da persoa que asine a solicitude e documento acreditativo da representación.
- c) Copia do código de identificación fiscal da entidade.
- d) Copia dos estatutos da entidade onde conste explícitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade e o obxecto social.
- e) Documentación xustificativa da inscrición no rexistro público que corresponda segundo a súa forma xurídica por un período mínimo de 4 anos. Se asociación está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo esta circunstancia poderá ser comprobada de oficio previa autorización da entidade.
- e) Certificacións de estar ao corrente nas obrigas fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social. A comprobación de non ter débedas co Concello de Lugo poderá ser comprobada de oficio previa autorización.
- f) Memoria xustificativa segundo o modelo do ANEXO II do desenvolvemento de actividades por un periodo continuado de TRES ANOS, acompañada de material gráfico xustificativo da realización das mesmas (p.e dípticos, carteis, fotografías, información na prensa, pax web,...)
- g) Programa de actividades de contido social que teña como persoas destinatarias a persoas en risco ou en situación de exclusión social e con actividades con obxetivos coincidentes cos servizos sociais, segundo o recollido na base terceira (ANEXO III). **Xustificación rigorosa** da necesidade do número de locais solicitados así como do tipo de uso solicitado. (exclusivo ou compartido).
- h) Certificación da persoa que ostente a secretaría da entidade na que se faga constar os seguintes datos a 31 de decembro de 2021: número de socios/as, número de profesionais contratados con indicación da xornada laboral e número de persoas beneficiarias das actividades atendidas ao longo do ano 2021. (ANEXO IV).
- i) No suposto de entidades que operen en outros concellos, todos estes datos deberán referirse unicamente ó Concello de Lugo.
- j) Documentación xustificativa de ter a consideración de entidade de utilidade pública, de ser o caso.
- k) Calquera outra documentación que a entidade estime convinte para unha mellor avaliación da súa solicitude.

BASE QUINTA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes de local, xunto coa documentación precisa, presentaranse, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal.

Con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao amparo do disposto no artigo 68.4 requerirá a súa subsanación a través da presentación electrónica. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal: *“considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación”*.

O prazo de presentación das solicitudes será de **15 DÍAS HÁBILES** a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Esta convocatoria publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web.

BASE SEXTA.- PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN.

Para a tramitación do procedemento administrativo de concesión de autorización do dereito de uso nomearase un órgano instrutor e unha Comisión de Avaliación, coa seguinte composición e funcións:

1. Órgano instructor: Composición e funcións.

- Un técnico/a do Servizo Municipal de servizos sociais.

Son funcións do órgano instructor:

-Informar as solicitudes presentadas comprobando que as entidades solicitantes cumpren con todos os requisitos esixidos nas presentes bases, que a documentación esixida está completa e que o programa de actividades ten un contido social segundo o establecido nas presentes bases xerais.

-Realizar os requerimentos nos supostos de documentación incompleta e/ou defectuosa e concesión de prazo para emenda, así como solicitar canta documentación ou informes sexan precisos para a realización das súas funcións.

-Realizar unha preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de entidade adxudicataria e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de avaliación de cada un dos expedientes.

-Formular proposta de resolución, á vista da acta da Comisión de Avaliadora, e elevala ao órgano competente para resolver.

-Elaborar unha proposta avaliadora provisional non vinculante de asignación de locais.

2. A Comisión de Avaliación: composición e funcións.

Para exercer as funcións de avaliación nomearase unha comisión que terá a seguinte composición:

Composición:

Presidenta: A persoa que ostente a xefatura de servizo, ou a xefatura de sección.

Vogal: Un funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo.

Secretaria: funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo.

A comisión de avaliación terá a facultade de interpretar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases xerais.

BASE SETIMA.- ÓRGANO COMPETENTE E PRAZO DE RESOLUCIÓN.

Será competente para resolver as solicitudes presentadas a Xunta de Goberno Local de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local nº 28/452 do dezasete de xullo de dous mil dezanove, de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nos Tenentes de Alcaldesa delegados de Área e nos concelleiros/as delegados, no seu punto primeiro establece que a Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes: e) a concesión e denegación de licenzas ou permisos para usos privativos de bens de dominio público e de instalacións municipais, agás cemiterio.

O prazo máximo para resolver as solicitudes será de **TRES** meses a contar dende o día de remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

A resolución de inadmisión ou de denegación da autorización levará aparellada a obriga de entrega do local nas mesmas condicións nas que o recibiu e entrega das chaves no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación. No suposto de que algunha entidade deba abandonar o seu local polo feito de serlle adxudicado a outra entidade ten a obriga de deixalo nas condicións nas que lle foi cedido.

BASE OITAVA.- RÉXIME DE USO DE LOCAIS

A autorización de uso será a título de precario, e terá carácter de temporal con carácter anual prorrogable. Estas autorizacións teñen carácter persoal e intranferible e deberá destinarse unicamente ao desenvolvemento do programa presentado no momento da convocatoria. De producirse algunha circunstancia modificativa da programación presentada deberá comunicarse a través do rexistro telemático ao departamento de servizos sociais. **En ningún caso se adxudicarán locais para funcións de almacenaxe de material.**

Na solicitude deberán identificar o número do local solicitado ou, no seu defecto, indicar a superficie precisa para o desenvolvemento do programa que non será vinculante para a administración.

1.- Número de locais asignados a cada entidade.

A regra xeral de asignación de locais dacordo co principio optimización de recursos públicos **será a de asignar un local para cada entidade solicitante.**

Excepcionalmente, na Casa María Mariño, tendo en conta a falta de homoxeneidade dos locais en relación a súa superficie, poderase asignar a unha entidade máis dun local unha vez realizadas as correspondentes adxudicacións entre as entidades que cumpran todos os requisitos. Para efectuar esa asignación será preciso que

se xustifique a necesidade de ocupar outro local máis para o desenvolvemento do seu programa de actividades, de xeito que, de non contar con dous locais poríase en risco o desenvolvemento do programa.

En todo caso, o número máximo de locais asignados por entidade solicitante será de dous.

2.- Réxime de uso: compartido ou exclusivo.

Cada local asignado poderá ser utilizado en réxime de uso compartido ou réxime de uso exclusivo. Aos efectos da presente convocatoria, enténdese por uso compartido o que resulte de aplicación ós locais postos a disposición de dúas ou máis entidades solicitantes para o desenvolvemento do seu programa de actividades, xa utilicen o local no mesmo horario ou en distinto horario. Enténdese por uso exclusivo o que resulte de aplicación ós locais postos a disposición dunha soa entidade para o desenvolvemento do seu programa.

Como regra xeral, a asignación de locais realizarase en réxime de uso compartido entre dúas ou máis entidades, sempre que o permitan as características físicas do local e se satisfagan as esixencias mínimas inherentes ós proxectos.

Excepcionalmente, establecerase un réxime de uso exclusivo a favor dunha soa entidade cando así se solicite e concurran circunstancias que o xustifiquen para o desenvolvemento do seu programa de actividades. Nesta valoración terase en conta o horario preciso para o desenvolvemento do programa e o número de profesionais contratados pola entidade, entre outros criterios.

Nos supostos de uso compartido, as entidades deberán regular mediante o correspondente convenio asinado entre elas as condicións de uso do espazo ou do reparto do mesmo, quedando supeditada a cesión ó acordo entre as entidades adxudicatarias.

BASE NOVENA: CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DE LOCAIS.

Para acceder aos locais da “Casa Clara Campoamor” terán preferencia aquelas asociacións que desenvolvan programas dirixidos a persoas con discapacidade ou a persoas ou estar afectado por unha enfermidade crónica e/ ou grave, por ser o equipamento que posúe ximnasio.

O órgano instrutor distribuirá as solicitudes segundo o equipamento solicitado. Se o número de solicitudes non excede do número de locais e non existe ningún tipo de discrepancia sobre a adxudicación dos locais nin do tipo de uso, non procederá a aplicación do baremo e a adxudicación realizarase segundo o solicitado sen necesidade de convocar á comisión de avaliación.

De existir un número de solicitudes superior ao número de locais ou ben discrepancia sobre un local procederase á convocatoria da comisión de avaliación para a aplicación do baremo de puntuación. A adxudicación dos locais realizarase de xeito estrito segundo a puntuación acadada da aplicación do baremo e tendo en conta as características do local solicitado e as necesidades do proxecto presentado.

A Comisión de Avaliación poderá propoñer ó órgano competente para resolver a denegación de asignación de local a algunha entidade solicitante por motivos de incompatibilidade na execución do proxecto con outros proxectos ou actividades que acadaran unha puntuación superior.

BASE DECIMA.- BAREMO DE PUNTUACIÓN.

Para a adxudicación dos locais no suposto de discrepancia levarase a cabo unha avaliación dacordo cos seguintes criterios xerais e específicos. A puntuación máxima a acadar será de 40 puntos, sendo imprescindible para a adxudicación dun local a obtención dunha puntuación mínima de 12 puntos (30% da puntuación máxima) , polo que se lle denegará a adxudicación de local aquelas entidades que non acaden esta puntuación mínima.

A) EXPERIENCIA E IMPLANTACIÓN EN LUGO DA ENTIDADE SOLICITANTE. MÁXIMO 10 PUNTOS.

-Arraigo da entidade no Concello de Lugo. Número de anos inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións.

Ata 4 puntos.

-Traxectoria da entidade no Concello de Lugo. Número de proxectos desenvolvidos dentro do termo municipal de Lugo nos últimos 3 anos

Ata 6 puntos.

B) REPRESENTATIVIDADE E IMPACTO LOCAL DAS ACTIVIDADES. MÁXIMO 15 PUNTOS.

- | | |
|---|---------------|
| - Número de persoas asociadas | Ata 4 puntos |
| - Número de profesionais contratados pola entidade. | Ata 4 puntos. |
| - Número de persoas beneficiarias dos programas no ano 2021 | Ata 6 puntos |
| -Ter consideración de entidade de utilidade pública | 1 punto. |

C) CALIDADE DO PROGRAMA OU PROXECTO. MÁXIMO 15 PUNTOS.

-Interese social do programa ou actividade (valorarase a incidencia na colectividade e o número de colectivos en risco de exclusión social)

Ata 10 puntos.

-Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto

Ata 5 puntos

BASE DÉCIMO PRIMEIRA.- ELABORACIÓN DE LISTAXE DE AGARDA E RÉXIME DE USO DE LOCAIS VACANTES.

As entidades solicitantes que non resulten beneficiarias a pesar de cumprir todos os requisitos esixidos na presente convocatoria quedarán en lista de agarda por orde de puntuación para un posible uso posterior de existir un local vacante por calquera circunstancia.

Se existen locais vacantes trala finalización da presente convocatoria, o órgano competente poderá autorizar a súa cesión de uso en precario a asociacións privadas, fundacións públicas ou entidades de interese social que cumpran cos requisitos da presente convocatoria e presenten a súa solicitude por rexistro xunto con toda a documentación precisa. Estas autorizacións posteriores terán en todo caso a mesma duración que as concedidas nesta convocatoria pública e rematarán na mesma data.

BASE DÉCIMO SEGUNDA .-DURACIÓN DA CESIÓN:

A autorización de uso terá unha duración inicial de **DUN ANO** a contar dende a aceptación das condicións de utilización por parte da entidade beneficiaria. Este periodo inicial de cesión poderá prorrogarse ata un total de **CINCO ANOS**, incluído o primeiro, todo isto sen prexuízo da facultade do concello de revisar en calquera momento as condicións da cesión e adxudicación de espazos.

As prórrogas autorizaranse de maneira automática, no seu caso, logo de revisar a "**MEMORIA ANUAL DE PROXECTO**" na cal terá que constar as actividades realizadas ó longo do ano en curso xunto co grao de consecución dos obxectivos programados e o número de participantes en cada actividade, así como as actividades programadas para o seguinte ano. Esta memoria deberá ser entregada polas asociacións privadas, fundacións públicas ou entidades de iniciativa social **dentro do mes de xaneiro de cada ano**. O incumprimento desta obriga conlevará a non autorización da prórroga da cesión de uso polo que a asociación ou entidade deberá abandonar o local.

Transcorridos CINCO anos, ou antes, se concorrese circunstancia xustificativa abrirase, unha nova convocatoria.

A cesión do uso de locais é en precario, isto é, revogable en calquera momento por razóns de interese público sen dereito a indemnización

BASE DÉCIMO TERCEIRA.- CONDICIÓN DE USO DOS LOCAIS:

1. SINATURA DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN DE USO.

A resolución será notificada ás entidades solicitantes, as adxudicatarias deberán asinar no prazo de 10 días hábiles a contar dende a notificación da autorización un documento de aceptación de condicións da presente convocatoria así como outras condicións de uso que se acorden. De non asinar en prazo o documento de aceptación ou as condicións de uso enténdese que a entidade renuncia ó dereito de uso do local.

Previa a sinatura deste documento cada entidade deberá presentar un seguro de responsabilidade civil, de non presentalo, será causa automática para ter á entidade decaída do seu dereito á adxudicación do local por incumprimento das normas de condición de uso.

2.- MOBILIARIO.

A cesión de uso en precario dos locais leva aparelhada a utilización do material de oficina que hai neles e que sexa de titularidade municipal. As entidades adxudicatarias son responsables do seu uso e conservación e deberán entregalo no mesmo estado no que o recibiron. Todo o material que precisen a maiores será por conta das asociacións ou entidades e, en todo caso, os aparellos telefónicos serán procurados polas entidades que ocupen os locais.

3.- MANTEMENTO.

O Concello de Lugo correrá cos gastos de electricidade, auga corrente e calefacción, así como cos de mantemento e limpeza das zonas comúns. Enténdese por zona común aquela que pola súa natureza sexa susceptible de uso e aproveitamento común.

A limpeza e mantemento de cada local será responsabilidade directa dos cesionarios dos mesmos. Así mesmo, correrá por conta da entidade os gastos de teléfono e aqueles outros que pola súa natureza sexan susceptibles de individualización. Nos casos de uso compartido, nos acordos de cesión e documentos de aceptación estableceranse as fórmulas para que cada entidade aboe a parte correspondente ó seu consumo.

4.- CUSTODIA DE CHAVES.

O documento de cesión que autorice o uso das dependencias especificará a persoa que se fai responsable do uso dos locais e á que se lle entregará unha única chave da porta de acceso e outra do despacho, así como de calquera outra que lle sexa necesario utilizar. A última entidade en abandonar o local será a responsable do peche da porta de entrada.

5- FUNCIONAMENTO DIARIO E COORDINACIÓN DO USO.

As incidencias diarias derivadas de cuestións de mantemento deberán ser resoltas polas propias entidades de xeito autónomo poñéndose en contacto co departamento municipal que corresponda. A coordinación do funcionamento dos locais estará a cargo das propias entidades cesionarias en base a un sistema de rotación, de maneira que cada seis meses unha das entidades realizará as ditas tarefas, seguíndose para iso a orde que ocupan os nomes das mesmas alfabéticamente. As entidades que resulten adxudicatarias con posterioridade ocuparán sempre o último lugar.

O coordinador/ra será o encargado de relacionarse co persoal municipal responsable ós efectos de solucionar calquera problema ou cuestións que poida xurdir así como mediar nos posibles conflitos que se produzan entre as asociacións.

6.- RESPONSABILIDADE POR DANOS.

As entidades estarán obrigadas á conservación dilixente dos locais de uso exclusivo ou compartido así como os espazos de uso común incluído o mobiliario respondendo dos danos que poidan ocasionar os membros da asociación ou as súas persoas usuarias, ben por acción ou omisión, efectuando de forma inmediata e ó seu cargo, previa autorización do concello, as reparacións necesarias. Esta obriga non se aplicará para o caso de que os deterioros deriven do uso e sen culpa da entidade ou por acaecemento dun caso fortuito.

Así mesmo serán responsables dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos locais cedidos e que sexan causados polos seus membros ou usuarios/as da asociación.

7.- UTILIZACIÓN DE ZONAS COMÚNS.

Enténdese por zona común as seguintes instalacións:

-Na Casa Clara Campoamor: ximnasio e biblioteca.

-Na Casa María Mariño: salón de actos, a sala de usos múltiples e a sala de recepción.

Co inicio das adxudicacións as entidades adxudicatarias celebrarán unha xuntaza coa finalidade de deseñar o futuro calendario de utilización das zonas comúns, que será elaborado coa periodicidade que estimen convinte. En caso de desacordo resolverán os servizos sociais con criterios obxectivos.

O Concello de Lugo nos supostos de horario vacante poderá autorizar cesións de uso temporal e duración non superior a un mes do salón de actos da Casa María Mariño. Será necesaria previa autorización municipal emitida polo departamento de servizos sociais que, en supostos extraordinarios, poderá autorizar a realización de actividades que teñan un interese público e non cumpran o requisito de ter un contido social.

BASE DÉCIMO CUARTA.- OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS BENEFICIARIAS.

As entidades que resulten beneficiarias quedarán obrigadas ó seguinte, sen prexuízo das demais obrigas establecidas nas presentes bases ou doutras que poidan impoñerse no correspondente acordo de concesión ou ben que poidan ditarse polo concello de ser preciso:

- A respetar os horarios de utilización.
 - A destinar o espazo cedido ás finalidades propias da entidade de acordo co programa de actividades presentado na correspondente solicitude de cesión e a respetar a finalidade e destino dos espazos comúns, así como os asignados a outras entidades.
 - Manter unha conducta baseada no respecto mutuo en relación cos demais usuarios dos locais.
 - Conservar os espazos asignados para uso individual ou común en óptimas condicións de orde, salubridade e hixiene.
- e) O dereito de uso do local é persoal e intransferible, polo que non poderá de ningún xeito ser arrendado nin cedido en todo ou en parte, nin sequer a título gratuito ou accidental.
- f) As entidades comprométense a dotar os locais do equipamento necesario que lles garanta o desenvolvemento da súa actividade.
- g) Suscribir unha póliza de seguros de responsabilidade civil pola cobertura dos danos que poidan ocasionarse ás instalacións, elementos comúns ou a terceiros.
- h) A comunicar ó Concello de Lugo así como ó coordinador en cada momento, calquera anomalía, incidencia ou problema que puidera xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- i) Ao desaloxo dos locais cedidos no momento no que o Concello, de forma motivada así o orde, devolvéndoo nas condicións en que lles foron cedidos, agás o desgaste sufridos polo uso.
- j) A permitir en todo momento ó Concello o exercicio da facultade de inspección e seguemento do cumprimento das condicións de cesión, facilitándolle,
- ademáis, o acceso ós diversos espazos e proporcionando a información e documentación que lle sexa requerida.

k) a comunicar ao concello calquera alteración ou modificación dos requisitos esixidos para participar na convocatoria, con especial interese os que afecten ao desenvolvemento do programa.

O Concello non se fai responsable dos desperfectos ou extravíos que poidan producirse no material das entidades.

BASE DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DA EXTINCIÓN DA CESIÓN DO USO:

O acordo de cesión de locais poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- a) Finalización do periodo inicial concedido, das prórrogas ou, en todo caso, ós tres anos da cesión, sen prexuízo de que a entidade saínte poida participar na nova licitación que se convoque.
- b) Falseamento dos datos facilitados ó Concello para adquirir o dereito ó uso ou con posterioridade.
- c) Utilización do local para fins distintos nos establecidos no acordo de concesión.
- d) Disolución ou suspensión da entidade.
- e) Incumprimento grave das obrigas establecidas nesta convocatoria.
- f) Mutuo acordo entre as partes.
- g) Por renuncia da entidade
- h) Por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos. Enténdese que non existe utilización efectiva cando nun período continuado de dous meses non se realizara no local actividade ningunha.
- i) Perda dos requisitos esixidos para participar na convocatoria.

Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión ou a autorización de uso, a entidade deberá reintegrar ó Concello de Lugo o uso do espazo no termo máximo de 10 días hábiles. En caso contrario, será responsable dos danos e perdas que poida ocasionar a demora.

A extinción da cesión de uso por calquera das causas citadas anteriormente non dará dereito á entidade ou entidades afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica.

ANEXO I**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CESIÓN TEMPORAL DE LOCAIS E/ OU INSTALACIONES DA CASA CLARA CAMPOAMOR E CASA MARÍA MARIÑO DE ASOCIACIÓN DE INTERESE SOCIAL.**

Dª/D.----- con DNI -----en representación da entidade /asociación-----con enderezo social na r/p-----
----- núm.----, piso----, CP -----, telf. núm. -----e e-mail-----, na localidade de -
-----,

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade que represento cumpre con todos os requisitos para participar na convocatoria pública de locais e/ou instalacións da Casa Clara Campoamor e María Mariño e que se compromete ao cumprimento dos requisitos e condicións derivados desta convocatoria.

SOLICITA:

1º.- Participar na convocatoria pública efectuada polo Concello de Lugo para a cesión do uso en precario dos locais, solicitando os seguintes usos: *(Lémbrese que só poderán marcar unha opción)*

-CASA CLARA CAMPOAMOR DE ASOCIACIÓN DE INTERESE SOCIAL.

- local.Tipo de uso: exclusivo ou compartido *(suliñar o que proceda)*. Identificación do local: nº.....ou dimensión de Horario.....
- ximnasio

-CASA MARÍA MARIÑO DE ASOCIACIÓN DE INTERESE SOCIAL.

- local.Tipo de uso: exclusivo ou compartido *(suliñar o que proceda)*. Identificación do local ou locais solicitado: local nº.....ou dimensiónHorario.....
- salón de actos

2.- Acepto, en nome da entidade que represento, o compromiso de utilizar o local exclusivamente para os fins non lucrativos da entidade que figuran nos seus estatutos e a desenvolver coa máxima dilixencia o programa de actividades presentado xunto con esta solicitude.

3.- Autorizo ao Concello de Lugo a verificar de oficio a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, así como a presentación en prazo do orzamento, memoria de actividades anual e datos do número de socios.

4.- Autorizo ao Concello de Lugo a verificar de oficio a inexistencia de débedas tributarias co Concello de Lugo.

Lugo, ----- de-----de 2022

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Xúntase á presente solicitude a seguinte documentación en fotocopia:

- a) DNI da persoa representante da entidade.
- b) Documento acreditativo da representación.
- c) Documento xustificativo do CIF da entidade.
- d) Certificación de inscrición no rexistro público que proceda.
- e) Copia dos estatutos da entidade.
- f) Certificacións de estar ao corrente nas obrigas fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Concello de Lugo se non asina a autorización
- g) Memoria xustificativa do desenvolvemento de actividades por un periodo continuado de TRES ANOS (ANEXO II) e documentación xustificativa da realización das mesmas (p.e dípticos, carteis, fotografías, información na prensa, pax web,...)
- h) Documento acreditativo do réxime de tenencia/utilización do local onde actualmente desenvolve a súa actividade, de ser o caso.
 - i) ANEXO III : Programa de actividades a desenvolver nas instalacións solicitadas.
 - j) ANEXO IV: Declaración responsable.

ANEXO II**MEMORIA DOS PROGRAMAS OU ACTIVIDADES REALIZADOS NOS ÚLTIMOS 3 ANOS (2019-2021)**

NOTA: * A entidade deberá cubrir todos os apartados seguintes en documento aparte para cada programa ou actividade, sen prexuízo de que, de estímalo convinte para unha mellor avaliación do proxecto a entidade poida engadir algún apartado máis.

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA OU ACTIVIDADES.

- 1.-Título
- 2.-Persoas beneficiarias: perfil e número de persoas beneficiarias. Deberase indicar o número expreso de participantes asociados e externos.
- 3.- Descrición xeral do proxecto.
- 4.- Obxectivos acadados
- 5.- Duración do proxecto: datas de inicio e remate do programa ou actividade.

EXECUCIÓN.

- 1.- Recursos técnicos e materiais empregados.
- 2.- Recursos humanos: cualificación, número, tarefas e distribución das mesmas.
- 3.- Medidas de difusión empregados. Poderase achegar o material gráfico utilizado nestas actividades: programas, boletíns, revistas, carteis, folletos, fotografías.
- 4.- Colaboración e/ ou participación co Concello de Lugo ou con outras entidades sociais.
- 5.- Orzamento. Deberase indicar se recibiu subvención dalgunha administración ou entidade pública ou privada.

ANEXO III**DATOS DO PROGRAMA A DESENVOLVER NO LOCAL SOCIAL****A.- DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE.**

1. Denominación.

2. CIF

3. Enderezo da sede ou delegación en Lugo, código postal, teléfono, fax, e-mail. De non ter sede en Lugo deberá xustificar o desenvolvemento de programas dentro do noso termo municipal.

4. Nome e apelidos da persoa representante legal.

5. Nome e apelidos dunha persoa de contacto e teléfono.

6. Ano de constitución da entidade e anos de experiencia en Lugo.

B.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO ESPAZO SOLICITADO CON INDICACIÓN DO HORARIO E RÉXIME DE USO SOLICITADO.

Xustificar a necesidade do local ou locais/ximnasio/salón de actos así como o seu réxime de uso (compartido ou exclusivo).

C.- EXPERIENCIA E IMPLANTACIÓN NO CONCELLO DE LUGO. Anos de experiencia no Concello de Lugo.

D.- IDENTIFICACIÓN E DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA:**- IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA.**

1.- Título

2.- Persoas beneficiarias.

3.- Xustificación da necesidade do programa

4.- Descrición da finalidade do proxecto e dos obxectivos.

4.- Actividades a desenvolver para a consecución dos obxectivos fixados. Obxectivos.

5.- Duración do proxecto

- EXECUCIÓN

1.- Recursos técnicos e materiais de que se dispón.

2.- Recursos humanos: cualificación, número, tarefas e distribución das mesmas.

3.- Seguemento e avaliación (accións de seguemento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación)

4.- Medidas de difusión (soportes escritos e/ou audiovisuais que se aportan para a realización da actividade)

5.- Horario necesario para o desenvolvemento da actividade.

6.- Xustificación da imposibilidade de uso compartido do local para o desenvolvemento da actividade.

- OBXECTIVOS E RESULTADOS ESPERADOS

1.- Obxectivos a curto prazo

2.- Obxectivo a longo prazo

3.- Resultados esperados e distribución temporal se o houbera.

4.- Impacto social da acción.

5.- Outros datos de interese ós efectos de facilita-la avaliación dos proxectos.

- VIABILIDADE

1.- Viabilidade técnica (execución, xestión e funcionamento, así como continuidade)

2.- Viabilidade económica (financiación dos gastos de xestión e funcionamento do proxecto con desglose de financiación propia e allea)

ANEXO IVMODELO DE CERTIFICACIÓN AOS EFECTOS DE SOLICITAR A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A AUTORIZACIÓN DE USO EN PRECARIO DA CASA CLARA CAMPOAMOR E CASA MARÍA MARIÑO.-

D./D.^a-----con DNI -----en cualidade de secretario da -----

CERTIFICO :

Que a **31 de DECEMBRO de 2021**, a entidade que represento conta cos seguintes datos de referencia:

- Número de socios:-----
- Número de persoas contratadas con indicación da categoría profesional e porcentaxe de xornada laboral:-

- Número de persoas beneficiarias dos programas ou actividades da entidade ao longo do ano 2021:-----

No suposto de entidades que operen en outros concellos, todos estes datos deberán referirse unicamente ó Concello de Lugo.

TERCEIRO- Que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente acordo a fin de que as entidades e asociacións interesadas poidan presentar as solicitudes no prazo de 15 DIAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ó desta publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Estas tamén se inserirán no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

CUARTO.- O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da publicación do presente acto, o cal pon fin a vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da publicación do presente acto

O que se fai público en cumprimento no disposto na lexislación vixente.

Lugo, 7 de febreiro de 2022.- A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, Olga López Racamonde.

R. 0252

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – LUGO

Anuncio

BASES DO CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO 2022

BDNS (Identif.): 609334

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/609334>)

BASES CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO 2022

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2022, a Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca o Concurso Infantil de Disfraces, tendo en conta as seguintes bases:

1. Participantes: poderán concursar todas as persoas que o desexen.
2. Categorias: diferénciase na modalidade INFANTIL a seguinte clasificación para o disface:
 - Individual.
 - Parellas.
 - Comparsas.
3. Prazo e lugar de presentación das solicitudes de inscrición: O prazo para a presentación das solicitudes rematará o día 25 de febreiro, ás 14:30 horas. Para participar deberase enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto "Solicitud inscrición CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES ENTROIDO 2022" e achegando a folia de inscrición que figura como anexo a estas bases.
4. O concurso terá lugar o día sábado 26 de febreiro a partir das 17:00 horas. Os participantes concentraranse na praza da Soidade, media hora antes do desfile. Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raíña e praza Maior. A resolución do procedemento terá lugar nese mesmo acto coa correspondente comunicación aos gañadores
5. Os disfraces non deben utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.
6. Premios: establécense os seguintes premios segundo as categorías:

INDIVIDUAL:

1º premio: 2 vales por importe total de 100,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 80,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 50,00 €

PARELLAS:

1º premio: 2 vales por importe total de 150,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 120,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 90,00 €

COMPARSAS:

1º premio: 2 vales por importe total de 240,00 €

2º premio: 2 vales por importe total de 180,00 €

3º premio: 2 vales por importe total de 140,00 €

Os premios entréganse en vales que sumarían entre os dous o importe total do premio:

- un por lote de libros (que pode incluír material escolar ou de papelería)
- outro para actividades de ocio e tempo libre.

Terán unha validez de tres meses, contados a partir do día do concurso, 26 de febreiro de 2022.

Cada vale deberá ser empregado nun só establecemento e non poderá fraccionarse.

7. Xurado: O xurado será designado pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade sendo nomeados con carácter previo á celebración do concurso.

O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes baremos:

- Composición estética.
- Orixinalidade.
- Calidade.
- Presentación.

8. Aceptación: O tomar parte neste concurso supón a plena aceptación destas BASES.

Lugo, 3 de febreiro de 2022.- Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 0249

Anuncio

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS ENTROIDO 2022

BDNS (Identif.): 609402

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/609402>)

BASES CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2022 - ADULTOS

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2022, a Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca o Concurso de Disfraces, categoría adultos, tendo en conta as seguintes bases:

1. Participantes: poderán concursar todas as persoas que o desexen.
2. Categorias: diferénciase na modalidade de ADULTOS a seguinte clasificación para o disface:
 - Individual.
 - Parellas.
 - Comparsas.

3. Prazo e lugar de presentación das solicitudes de inscrición: O prazo para a presentación das solicitudes rematará o día 25 de febreiro, ás 14:30 horas. Para participar deberase enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@lugo.gal indicando no asunto "Solicitud inscrición CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2022 - ADULTOS" e achegando a folia de inscrición que figura como anexo a estas bases.

4. O concurso terá lugar o día 1 de marzo a partir das 17:00 horas. Os participantes concentraranse na praza da Soidade, media hora antes do desfile. Discorrerá polas rúas Antón Fraguas, Quiroga Ballesteros, Santo Domingo, Raíña e praza Maior.

5. Os disfraces non deben utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calquera outros que atenten contra a dignidade das persoas.

6. Premios: establécense os seguintes premios segundo as categorías:

INDIVIDUAL:

1º premio: 500,00 €

2º premio: 300,00 €

3º premio: 200,00 €

3 premios de 50,00 €

PARELLAS:

1º premio: 600,00 €

2º premio: 400,00 €

3º premio: 300,00 €

5 premios de 100,00 €

COMPARSAS:

1º premio: 1.100,00 €

2º premio: 800,00 €

3º premio: 600,00 €

7 premios de 200,00 €

7. Xurado: O xurado será designado pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade.

O xurado pode declarar desertos os premios no caso de que non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado será inapelable e axustarase, entre outros, aos seguintes baremos:

- Composición estética.
- Orixinalidade.
- Calidade.
- Presentación.

8. Aceptación: O tomar parte neste concurso supón a plena aceptación destas BASES.

Lugo, 3 de febreiro de 2022.- Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

R. 0250